

## XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

7/8 de outubro de 2023 (Domingo XXVII do Tempo Ordinario)

### Monición de Entrada

Un domingo máis, Deus convídanos á acción de grazas polo agasallo do seu Fillo Xesucristo.

Neste domingo celebramos a Xornada mundial polo Traballo Decente co lema: “Un traballo decente ten que ser un traballo saudable”. A seguridade e a saúde no traballo son esenciais para o benestar e a dignidade das persoas. Cando estamos expostos a riscos no lugar de traballo, a nosa saúde e a nosa vida están en perigo.

A vida é o maior ben que atesouramos e que temos que honrar vivíndoa con dignidade, de acordo coa nosa vocación de fillas e fillos de Deus. Coidar esta dignidade implica coidar a nosa saúde no máis amplo dos sentidos, tamén no ámbito laboral, preocupándonos pola de quen traballa.

As cifras de accidentes e mortes laborais impresionánnos e alértánnos. Co papa Francisco, pidamos ao Señor que non haxa máis mortes no traballo e esforcémonos todos en logralo.

**Símbolo:** ao comezar a Eucaristía, acendemos o cirio pascual por aqueles que perderon a vida ou a saúde no traballo, que a luz de Cristo brille sobre eles e os seus familiares.

### Acto penitencial

Pidamos perdón ao Señor

- Míranos desde o ceo, ven visitar a túa viña. Señor ten piedade de nós. R/
- Que brille o teu rostro e nos salve: Cristo ten piedade de nós. R/
- Dános vida. Esta é sagrada e confíase nos para que a custodiamos con sentido de responsabilidade: Señor ten piedade de nós. R/

## LITURXIA DA PALABRA

### Monición ás lecturas

A imaxe da «viña» aparece unha e outra vez na Sagrada Escritura en función de manifestar a realidade do Reino de Deus, aberto ao conxunto dos seres humanos para que se integren e comprometan con el. Na lectura que hoxe se fai do profeta Isaías queda ben claro que a «viña» non é nosa, senón do Señor, que a coida e protexe. Ao traballo neste campo todos recibimos unha chamada de colaboración. No Evanxeo Xesús anuncia a súa morte cunha parábola e advirte que o reino de Deus ha de dar os seus froitos. Dispoñámonos para acoller esta Palabra e os seus froitos nas nosas vidas.

### Primeira lectura:

Lectura do libro de Isaías 5, 1-7

Voullle cantar ao meu amigo  
a canción do meu amor á súa viña.  
Tiña o meu amigo unha viña nunha das fértiles ladeiras.  
Cavou, quitoulle as pedras, e plantouna de cepa selecta;  
construíu no medio dela unha torre e tamén dispuxo un lagar;  
esperaba que dese boas uvas, pero só llas deu agraces.  
E agora, habitantes de Xerusalén e homes de Xudá,  
facede, por favor, de xuíces, entre min e a miña viña.  
Que máis lle puiden facer á miña viña que non llo fixese?  
Por que, esperando eu que dese boas uvas, deu tan só agraces?  
Pois agora vouvos dicir o que lle vou facer á miña viña:  
quitareille o valado para que sirva de pasteiro,  
rompereille a cerca e que se volva un torreiro.  
Convertereina nun ermo, non se podará nin cavará;  
o cardo e mais a silveira medrarán nela;  
aos mesmos trebóns mandareilles que non chovan sobre ela.  
Si, a viña do Señor dos Exércitos é a casa de Israel;  
e os homes de Xudá, a súa preferida plantación.  
Esperaba deles o cumprimento do dereito, e velaí: sangue vertido.  
Esperaba deles xustiza, e velaí: berros de auxilio.

*Palabra do Señor R/. Grazas a Deus*

### Salmo

Sal 79, 9 y 12. 13-14. 15-16. 19-20

#### **R. A viña do Señor é a casa de Israel**

Sacaches unha vide de Exipto,  
expulsaches os xentís, e transplantáchela.  
Estendeu os seus bacelos ata o mar,  
e os seus gromos ata o Gran Río. R/.

Por que derribaches a súa cerca  
para que a saqueen os viandantes,  
a tripen os xabarís  
e a coman as bestas do campo? R/.

Deus do universo, vólvetes:  
mira desde o ceo, fíxate,  
ven visitar a túa viña.  
Protexe a cepa que a túa destra plantou.  
e ao fillo do home que ti fortaleciches. R/.

Non nos afastaremos de ti:  
dános vida, para que invoquemos o teu nome.  
Señor, Deus do universo, restáuranos,  
que brille o teu rostro e nos salve. R/.

## Segunda lectura

Lectura da carta do apóstolo san Paulo aos Filipenses 4, 6-9

Irmáns:

Non desacougedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de grazas.

E a paz de Deus, que supera toda intelixencia, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

Solidarizarse con todo o bo. Do resto, meus irmáns, todo o que sexa verdadeiro, todo o que sexa serio, todo o que sexa xusto, todo o que sexa enxebre, todo o que sexa estimable, todo o que sexa honroso, calquera virtude ou mérito que haxa, iso é o que debedes estimar.

O que aprendestes, recibistes, oístes e vistes en min, iso é o que tedes que levar á práctica. E o Deus da paz irá convosco.

*Palabra de Deus*

*R/. Grazas a Deus.*

## Evanxeo

+ Lectura do santo evanxeo segundo san Mateo 21, 33-43

Naquel tempo, díxolles Xesús aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:  
“Escoitade outra parábola”:

Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendóullela a uns viñateiros e marchou para lonxe.

Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados aos viñateiros, para cobrar as rendas. Pero os viñateiros agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. De novo mandou outros criados, máis numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito.

Por último, mandoulles o seu propio fillo, dicindo para si: "O meu fillo hano respectar". Pero os viñateiros, ao veren o fillo, comentaron: "Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa". E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono.

Ben, e cando veña o señor da viña, que fará cos viñateiros aqueles?

Respondéronlle:

A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralles a viña a outros viñateiros, que lle paguen as rendas no seu tempo.

Díxolles entón Xesús:

Seica non lestes nunca na Escritura: A pedra que desbotaron os canteiros é agora o esquinal: esa pedra colocouna o Señor, que regalía para nós!?

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos.

**Palabra del Señor**

**R/. Loámoste, Cristo**

## **Oración dos fieis**

Oremos ao Señor, noso Deus, o dono da viña.

- Pola Igrexa, para que sempre sexa fiel á súa misión de anunciar o reino de Deus a todos. Roguemos ao Señor.

- Pola paz no mundo, para que cesen todo tipo de inxustizas, opresións e violencias. Roguemos ao Señor.

- Polo dereito a un traballo decente e saudable, para que nos comprometamos todos en lograr unha maior seguridade e saúde laboral. Roguemos ao Señor.

- Por unhas condicións de traballo xustas e adecuadas, salarios dignos, igualdade de oportunidades, así como unha maior protección social. Roguemos ao Señor.

- Polas vítimas do mundo laboral e os seus familiares, para que saibamos acompañalas desde a proximidade e a escoita, que a nosa presenza as reconforte e sintan que non están soas. Roguemos ao Señor.

- Polos que morreron no campo de honra do traballo e da loita, que descansen en paz. Roguemos ao Señor.

## **Poscomuñón**

- *Cando se estima oportuno, pode lerse o Manifesto da Xornada Mundial polo Traballo Decente e a continuación a oración a Xesús Obreiro.*

## **Oración a Xesús obreiro:**

Señor Xesús, ofrecémosche todo o día: o noso traballo, as nosas loitas, as nosas alegrías e as nosas penas. Concédenos, como aos nosos irmáns de traballo, pensar como Ti, traballar contigo e vivir en Ti.

Dános a graza de amarche con todo o noso corazón e de servirche con todas as nosas forzas.

Que o teu Reino sexa un feito nas fábricas, nos talleres, nas minas, nos campos, na mar, nas escolas, nos despachos e nas nosas casas.

Que os militantes que sofren desalento permanezan no teu Amor.

E que os obreiros mortos no campo de honra do traballo e da loita, descansen en paz.

María, Nai dos pobres. Roga por nós.